

O Pícaro Sindiño

XULIO VALCÁRCEL
xuliolv@gmail.com



No acto de presentación, celebrado na librería Nobel. Espazo lector, Carlos Freire estivo acompañado por C. Fabal.

O pícaro nace como unha resposta vital nunha sociedade marcada pola escaseza, a inxustiza e a imposibilidade de ascenso social. Nun momento no que a honra dependía da ascendencia familiar, da clase, non do mérito persoal (ao rico que había que tratalo de "don", así fose analfabeto) e no que a fame era unha presenza constante, o pícaro xorde como unha figura de supervivencia que se manexa con astucia, adaptándose ás circunstancias.

Na tradición hispánica do século XVI e XVII, a literatura presenta pícaros marxinais que narran as súas andanzas. Relatos, aventuras, historias que se erixen en auténticas radiografías sociais nas que os lectores acceden a distintos estratos da sociedade: desde as clases máis humildes ás aparentemente respectables, aínda que, pola derradeira, se revelen igualmente miserables e corruptas. O pícaro Sindiño eríxese así nun espello crítico da época, neste caso da Coruña de posguerra, co Parrote, o Orzán, Monte Alto, o mar e a pesca no Gran Sol., como escenarios no que se desenvolve a trama. Cunha diferenza a nivel narrativo: na tradición hispánica as aventuras refrense en primeira

persoa e na novela de Carlos Freire, o narrador, en terceira persoa, é omnisciente.

Sindiño, rapazolo de catorce anos, non é un heroe no sentido clásico. Non pretende grandes obxectivos nin aspira a transformar nada; o único que quere é algo moito máis simple e urxente: resistir. E faino con coraxe, cunha autoesixencia que o impulsa a esforzarse en saír adiante, traballando no que sexa. Iso explica que a súa moral sexa flexible, pero coherente. Finxe, acomódase cando é necesario, pero non desde a maldade, senón desde a necesidade. Sindiño é un "coitado" que

merece a nosa comprensión e a nosa simpatía; alguén que actúa do xeito que actúa porque o sistema non lle deixa outra opción. A súa conduta non é convencional, mesmo pode ser cuestionable desde unha ética normativa, pero resulta comprensible.

Fronte aos ideais políticos e relixiosos que dominan outras narrativas, a novela de C. Freire presenta un mundo onde as aparencias enganan e onde a virtude non garante a recompensa. Sindiño aprende axiña

que a honestidade non alimenta e que a intelixencia práctica é máis útil cá rectitude moral. Esta lección, repetida ao longo das súas experiencias, constrúe unha filosofía baseada na desconfianza e na adaptación.

A Coruña

A novela mestura denuncia, humor, crítica e esperanza. As situacións simpáticas, ridículas ou tenras provocan un sorriso indulxente que revela a dureza das condicións da época, nunha Coruña ben distinta á de hoxe en día. O humor convértese nunha ferramenta na configu-

ración dun personaxe que lonxe de pedir compaixón, acóllese a unha indulxencia resignada e burlona.

A cidade, e máis en concreto os barrios, funcionan como pano de fondo histórico e social nun contexto marcado pola precariedade, a pobreza (no sentido máis amplo, tamén de espírito) e a desigualdade. A través de Sindiño, Carlos Freire dálle voz aos invisibles e cuestiona as estruturas de poder. E faino cun personaxe entrañable e, malia as súas faltas, profundamente humano: alguén que enfrontando inxustizas e hostilidades, se esforza, por todos os medios, en sobrevivir.



Ilustración de Gosia Trebacz | CEDIDA